

ENXEÑEIRO DE DESENVOLVEMENTO HW/SW

Somos un equipo xoven, orientado fundamentalmente á electrónica. Estamos a procurar unha persoa para incorporarse ao noso equipo e dar soporte e apoio no noso departamento de I+D.

A nosa empresa adícase principalmente á reparación de material electrónico, e a función principal (entre outras) do noso departamento consiste en dar soporte aos nosos reparadores coas tarxetas novas que nos chegan sen documentación, realizando, entre outras, as seguintes funcións:

- Enxeñaría inversa de tarxetas electrónicas e sistemas embebidos.
- Estudo / re-deseño de sistemas de control obsoletos.
- Deseño e prototipado de novos sistemas software e hardware.
- Desenvolvemento de sistemas HMI.
- Reenxeñaría de software/firmware obsoleto.
- Desenvolvemento de bancos de test automatizados para o noso taller de reparación.
- Xestión e mellora continua do noso sistema informático.
- Extraer, analizar e modificar o firmware dos dispositivos programables como CPLDs, FPGAs, microcontroladores, etc.
- Deseñar ferramentas hardware para testar e diagnosticar os equipos a reparar.

As nosas instalacións atópanse en Narón, no polígono industrial Río do Pozo.

Se es dos que desarmabas (e/ou modificabas) todos os teus xoguetes para velos por dentro, realizas pequenos proxectos caseiros só polo pracer de facelo ti mesmo e non deixas parafuso sen quitar do teu coche, lavadora, marcapasos ou calquera cousa que se che poña por diante... envíanos o teu currículo a mtaboada@septentriotech.com